



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)


Outubro 2016

D.L. C-325-86 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703. Tiraxe 8.000

## A CIG-Ensino anuncia un curso “conflictivo” e “problemático” contra a imposición das reválidas na ESO e no Bacharelato

Información sobre as accións da CIG-Ensino en relación á adxudicación de afíns irregulares, convocatoria do CXT, diminución do horario de impartición en galego e ampliación dos concertos, entre outros temas

Asina o manifesto contra as reválidas!



## A CIG-Ensino anuncia un curso “conflitivo” e “problemático” contra a imposición das reválidas na ESO e no Bacharelato

O secretario nacional, Anxo Louzao, denuncia a imposición dun proceso “segregador e selectivo” que é “letal” para o alumnado

“Centraremos todas as nosas forzas en conseguir que non se realicen as reválidas de bacharelato e ESO”. Con esta contundencia manifestouse, en rolda de prensa, o secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, que non dubidou en cualificar de “letais” para o alumnado estas probas selectivas e “segregadoras”. Probas para as que a CIG-Ensino chamará á insubmisión, toda vez que este ano serán só orientativas e prescindíbeis para conseguir a titulación. Louzao explicou que o inicio do curso escolar vén marcado pola imposición da LOMCE, coas súas reválidas na ESO e bacharelato. Unha cuestión que xa avanzou “seguirá sendo motivo de conflito até que consigamos a súa paralización e derogación”.

Denunciou ademais que estas probas se regularon, aproveitando o verán, por un goberno en funcións e sen que se coñeza, até o 30 de novembro, en que consistirán. Diante deste despropósito, asegurou que a CIG-Ensino loitará “até a extenuación” para que non se leven adiante, porque, asegurou, “poñen en cuestión o dereito á educación ao vetar aos máis desfavorecidos/as, ás clases populares, impedindo que poidan acadar os obxectivos. Non o podemos permitir”.

Xunto a isto o secretario nacional da CIG-Ensino denunciou que, ao tempo que se impón esta lei segregadora, elitista e centralista, o PP persiste na destrución do ensino público, onde suprime 84 unidades e 13 escolas, mentres acrecenta e beneficia o ensino concertado, coa creación de 58 novas unidades. Unha situación que, lembrou, se repite curso tras curso e que ten provocado que nos últimos 5 anos se suprimiran 411 unidades e 59 escolas no ensino público cando, nese mesmo período, se crearon 243 unidades no ensino privado concertado.



A ese respecto denunciou que “o ensino privado recibe en concertos, cada ano, máis de 245 millóns de euros” e que hai uns días recibiu un novo agasallo de 280 mil euros para os centros de educación especial.

### Falta de profesorado

O secretario nacional da CIG-Ensino advertiu ademais que continúa o recorte do profesorado en moitos centros nos que os actuais cadros docentes son xa totalmente insuficientes para atender a diversidade. Asegurou que isto mingua a calidade do ensino, con aulas masificadas e con máis de 200 unidades que superan as ratios máximas establecidas; denunciou que se acrecentaron os agrupamentos de alumnado de diferentes idades, desatendéronse as necesidades educativas específicas e falta profesorado de PT, AL e orientadores, que van compartir centros.

A isto engadiu que “malia os centros necesitaren máis profesorado, o persoal interino queda sen traballo ou pasa a ser substituto”. Unha situación que o levou a denunciar a “temporalidade, provisionalidade e inestabilidade” que padece este profesorado, abocado a unha situación de precariedade cada vez maior. Explicou que no mes de

agosto se lles adjudicou destino a 2.436 mestres (o 18% do total do profesorado do corpo de mestres), dos que 1.122 son persoal interino, 452 itinerantes e 326 imparten afíns; que o 62% das prazas de orientación son itinerantes.

Con respecto ao profesorado de secundaria, sinalou que “até o día 9 de setembro, a 5 días do inicio de curso en secundaria, non se lle adjudicara destino e que na adjudicación provisional déuselle destino a 4.112 dos que 806 son persoal interino; 1.725 substituto e que 1.138 impartirán afíns. Diante deste panorama denunciou que se converte o profesorado nun profesional ambulante e que esta situación impide levar a cabo programas e proxectos educativos, o que non axuda, en absoluto, a mellorar a calidade do ensino.

### Persecución ao noso idioma

Anxo Louzao denunciou tamén que segue acrecentándose a persecución e marxinação do noso idioma mesmo incumprindo a Consellaría a súa propia norma, que “xa é lesiva para o galego”.

Sobre esta cuestión salientou que “neste curso na ESO o ensino en galego pasa a ter unha hora menos” ao incrementarse unha hora de Matemáticas –materia sobre a que pesa a prohibición

de que se imparta en galego- e réstase unha hora a Ciencias Naturais. Isto xunto ao feito de que hoxe o ensino en galego é anecdótico nas escolas infantís das cidades ou que na FP non hai material curricular no noso idioma dá como resultado que “a maioría do alumnado nin sequera recibe o 15% das aulas en galego”.

E para agravar a situación destínanselles raquíticas axudas aos

equipos de normalización dos centros e as escasas axudas non se fixeron públicas até 20 días do remate do curso anterior.

Louzao concluíu que isto se traduce nun comezo de curso no que se “afonda na privatización e no que o PP continúa atacando o ensino público, no que falta profesorado e se masifican as aulas, hai menos equidade, precarízase máis o profesorado e mingua a calidade”.

Fronte a isto, demandou un cambio de rumbo para que se garanta un financiamento suficiente para o ensino público, que cifrou no 7% do PIB; a derogación da LOMCE; o desenvolvemento dunha lei galega de educación inserida na nosa realidade nacional; a defensa e aposta pola galeguización do ensino e a restitución de todos os dereitos laborais e salariais do profesorado.

## A CIG-Ensino esixiulle á Consellaría que revisase a adxudicación de prazas con afíns

A CIG-Ensino denunciou que máis de 4.000 profesores e profesoras que tiñan que iniciar o curso o día 15 estiveron sen nomear até a última hora do venres 9.

Para a CIG-Ensino é una auténtica tomadura de pelo que a Consellaría de Educación agarde até o último día, un venres a última hora -cando o profesorado xa nin sequera pode contactar con ela- para facer a adxudicación de destino do 28% dos cadros de persoal de secundaria. Ás 14:45, a Consellaría de Educación aínda non publicara a adxudicación definitiva.

Segundo a resolución provisional de secundaria, a Consellaría adxudicáballe destino a 4112 profesores e profesoras (806 son interinos/as e 1725 substitutos/as) e dos que 1.138 (o 28%) van ter que impartir afíns. Á vista das adxudicacións, a CIG-Ensino entregou un escrito á Consellaría no que denuncia que na adxudicación provisional de secundaria chamaban poderosamente a atención os perfís dalgunhas prazas.

Producíronse numerosas adxudicacións con afíns que non teñen ningunha afinidade, prazas con máis de dúas afíns, persoas que teñen o mesmo destino có curso pasado en prazas con perfís estraños (12 da especialidade de Informática con FOL no IES San Clemente), prazas correspondentes a un corpo adxudicadas a outro etc.

Por outra parte, diferentes prazas con perfís totalmente extravagantes, adxudicáronse este ano igual que anos

anteriores ao mesmo profesorado.

Cabe salientar como totalmente irregulares que nun só centro se adxudicasen máis dunha praza dunha mesma materia coas mesmas afíns. Dentro da casuística os casos máis incomprensíbeis foron os que se deron no IES San Clemente:

- Matemáticas con Física e Química, Bioloxía, Informática e Educación Física.
- Bioloxía con Matemáticas, Física e Química e Educación Física.
- Filosofía con Matemáticas, Física e Química e Inglés.
- 2 de Lingua Española con afíns de Inglés e Galego
- Debuxo con Matemáticas, Física e Química e Bioloxía.
- Física e Química con Matemáticas e Bioloxía.
- Física e Química con Matemáticas e Bioloxía
- Informática con Fol e Sistemas e aplicacións informáticas. Na adxudicación deste ano hai 12 prazas deste perfil (ano pasado 11) de persoas que repiten o destino do curso anterior no dito centro.

É dicir, as Matemáticas aparecen como afíns en cinco materias, Física e Química en catro, Bioloxía en catro etc.

Outras adxudicacións extravagantes son as que se dan nos seguintes centros:

IES Bouza Brey Vilagarcía: 2 prazas iguais (Educación Física con Matemáticas

e Física e Química), solicitadas do mesmo xeito o curso pasado, con afíns de perfil científico. Unha delas adxudicada o curso pasado con Tecnoloxía e 590800.

CPI J.Becerra, Ribadumia: Inglés con Matemáticas, Física e Química, Bioloxía.

IES Illa de Sarón, Xove: Música con Latín e Debuxo.

IES Terra de Trasantos, Narón: Música con Latín e EF (en 2015 con Debuxo e Cultura Clásica)

CPI Padín, Soutomaior: Educación Física con Xeografía, Historia e Música.

IES Enrique Muruais, A Pontenova: Educación Física con Matemáticas, Física e Química e Bioloxía.

EPAPU do Berbés, Vigo: Bioloxía con Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía e Educación Física.

IES Carballo: Bioloxía con Matemáticas, Física e Química e Asesoría e procesos de imaxe persoal.

IES Chamoso Lamas, O Carballiño: Lingua castelá con Latín.

IES Alfredo Brañas: Francés con Latín e Educación Física.

CPI Atios, Valdoviño, Educación Física con Lingua Galega.

“Ante a rotundidade destes datos insólitos, que parecen indicar adxudicacións irregulares –explica Anxo Louzao, secretario nacional da CIG-Ensino- solicitámoslle á Consellaría por escrito que se revisasen as adxudicacións para que a adxudicación definitiva se fixese correctamente”.

# Concentración diante de Educación contra a LOMCE e os recortes no ensino público

A Plataforma Galega di que se non retiran as reválidas fará un chamamento á insubmisión

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGDEP) concentrouse o mércores 14 de setembro diante da Consellaría de Educación contra a aplicación das reválidas e para denunciar a falta de profesorado, de prazas e de recursos no ensino público. Anxo Louzao, en representación da Plataforma, dixo que de non retiraren as reválidas a Plataforma faría un chamamento á insubmisión a estas probas que foron rexeitadas o curso pasado por máis do 80% das familias.

Na concentración, Anxo Louzao repasou tamén as carencias que se evidencian nun inicio de curso marcado pola “obsesión do PP de implantar a LOMCE” e pola posta en marcha das reválidas en 4º de ESO e 2º de Bacharelato despois de que o curso pasado se fixeran as de 3º e 6º. Fernando Lacaci referiuse tamén á complexa perspectiva que se perfila para este curso no que a LOMCE se sigue impondo a “tropicóns” e no que a mocidade non sabe como ten que programar o seu futuro porque nin as familias nin o profesorado coñecen en que van a consistir as probas e como lle van afectar ao alumnado.

Tamén Iria Figueroa, estudante, insistiu na falta de información sobre as probas de acceso á Universidade e explicou que o alumnado nin sequera sabe que materias ten que cursar para acceder a cada grao, mentres a Xunta parece só preocupada por aplicar todas as medidas que aproba o Goberno do estado “sen que teñamos certeza sobre o noso futuro



como estudantes”.

A Plataforma lembrou que este curso empezou con 64 unidades e 13 escolas menos, cando no ensino privado concertado ten 38 unidades máis e recibe 250 millóns de euros. Denuncia que máis de 200 unidades superan as ratios máximas establecidas e que en numerosos casos se fan agrupamentos con alumnado de diferentes cursos e niveis.

Anxo Louzao denunciou a falta de profesorado e puxo como exemplo as familias de Santiso que non están levando os seus fillos e fillas ás aulas por esta razón. Asegurou tamén que a falta de especialistas, nomeadamente de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e de Orientación, está prexudicando o alumnado con necesidades educativas especiais. A Plataforma tamén lembra que hai máis de 3.000 familias que quedan sen prazas no ensino infantil –de 0 a 3 anos- e como, todos os anos, máis de 4.000 alumnos e alumnas non van poder estudar o ciclo de formación

profesional que queren.

Louzao chamou especialmente a atención sobre a situación da nosa lingua que se agrava coa LOMCE -porque a materia de Matemáticas, que o profesorado está obrigado a impartir en castelán, ten unha hora máis- e o feito de que a Xunta segue sen cumprir a lexislación ao non avaliar o proceso de normalización lingüística no ensino.

Lacaci tamén insistiu en que o ensino segue lonxe de ser gratuíto e que as familias teñen que pagar os libros, os materiais, as saídas e todo o que se fai fóra do que é a docencia estrita na aula. Neste sentido Iria Figueroa referiuse tamén á suba das bolsas e ao alumnado que non pode estudar o bacharelato no instituto que escolle, por falta de prazas pero tamén de medios económicos para desprazarse.

Diante deste panorama, Anxo Louzao advertiu que a Plataforma vai seguir mobilizándose e non vai parar de loitar até que a derogación da LOMCE sexa unha realidade.

# A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público realizou un acto de entrega de cabazas ao conselleiro de Educación para simbolizar o seu suspenso por aplicar as reválidas

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público realizou o xoves 13 de outubro, no Rexistro da Xunta, en Santiago un acto simbólico de entrega de cabazas ao conselleiro de Educación para simbolizar e visualizar o gran suspenso da Consellaría de Educación por aplicar a reválidas. Este acto forma parte da campaña “NIN REVÁLIDAS NIN LOMCE” que leva adiante a PGDEP e que continuará o 20 de outubro cunha chamada aos centros para que o profesorado e o alumnado fagan concentracións durante o recreo.

Anxo Louzao, en representación da PGDEP, lamentou que o conselleiro de Educación continúe “empeñado e obsesionado con levar adiante as reválidas malia que a inmensa maioría da comunidade escolar está en contra”. Neste sentido insistiu en que “máis do 80 por cento das familias decidiu non enviar os seus fillos e fillas a facer as probas o curso pasado”. Louzao lamentou que o Goberno manteña o calendario de aplicación da LOMCE, que supón a implantación agora das reválidas de 4º da ESO e de 2º de Bacharelato. Lembrou que neste curso a de 2º de Bacharelato vai ser fundamental para o acceso á Universidade e que no 2018 xa van ter valor académico.

“A Consellaría de Educación tense que por á fronte da sociedade galega que está rexeitando as reválidas. Non podemos consentir que se continúe con esta irresponsabilidade, con este desatino e con esta vasalaxe e submisión permanente ao Goberno central, cando a maioría da sociedade e das familias están en contra”, insistiu Anxo Louzao que tamén subliñou que neste momento a maioría das administracións educativas xa tomaron posición en contra destas probas, mentres que o conselleiro de Educación o único que



fixo foi, en campaña electoral, solicitarlle ao Ministerio que as reválidas de 4º da ESO fosen só de diagnóstico e que non tivesen valor académico.

A PGDEP anunciou que continuará coas mobilizacións coa firme vontade de conseguir derrogar a LOMCE e as reválidas por tratarse dunha lei lesiva, “centralizadora e españolizadora do sistema educativo” que ademais “desvalorizadora do labor docente”.

## Accións contra as reválidas

A PGDEP continua coa recollida de sinaturas contra a LOMCE e as reválidas e con charlas informativas nos centros. Xunto a isto, presentará mocións nos concellos e solicitará entrevistas cos grupos parlamentarios, ademais de accións concretas nas redes sociais.

O día 20 de outubro, a

PGDEP convocou concentracións de alumnado e profesorado nos centros de ensino, durante a hora do recreo, para amosar o seu rexeitamento á LOMCE coincidindo coa celebración dun referendo convocado por ERGUER –que forma parte da PGDEP- ao que está chamado a participar o alumnado de diversos centros do país. Pídesese tamén aos centros que penduren en lugares visíbeis pancartas co lema “Nin reválidas nin LOMCE” e o 26 a PGDEP apoiará o estudiantado na seu paro contra a LOMCE.

## NIN REVÁLIDAS NIN LOMCE

Asina o manifesto!

**20 de outubro**

Concentración durante o recreo

**26 de outubro PAREMOS AS REVÁLIDAS**

Concentracións

ás 18:30 horas

**Pontevedra** Praza da Peregrina

ás 19 horas

**Compostela** Praza Ríoxa

**Vigo** Farola de Urzaiz (Rúa do Príncipe)

**Lugo** Ronda da Muralla (diante do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes)

**A Coruña** Praza de Pontevedra (diante do IES Eusebio da Guarda)

**Ferrol** Praza de Armada García (diante do edificio da Xunta)

**Ourense** Xardíns do Pai Feixoo

ás 20 horas

**Carballo** Praza do Concello

**Cee** Praza 8 de Marzo



**PLATAFORMA GALEGA**  
EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

plataformagalegadenfensaensinopublico.blogspot.com.es

## **A CIG-Ensino solicítoulle á Consellaría que inste Ministerio a contemplar as resolucións xudiciais do TSXG na próxima convocatoria do CXT**

Do contrario estaríamos ante unha actuación irresponsable que pode supor inseguridade e prexuízos para o profesorado

A CIG Ensino solicítoulle á Consellaría de Educación que actúe con celeridade e determinación para que o Ministerio contemple na próxima convocatoria os criterios das resolucións xudiciais do TSXG. Do contrario, estaríamos ante unha situación irresponsable que pode supor inseguridade e prexuízos para o profesorado, por tratarse dun concurso xeral de traslados de ámbito estatal no que o Ministerio aplica un baremo diferente ao da Consellaría de Educación. A CIG-Ensino tamén se dirixiu ao Ministerio para que convoque o concurso nos mesmo termos que o convocado en Galiza no curso 2015/2016. Podes consultar os escritos enviados nesta ligazón <http://www.cig-ensino.gal/descargas/ESCRITOS.pdf>

## **A CIG-Ensino denuncia que a Consellaría de Educación incrementa os concertos un ano máis, desviando máis fondos públicos á privada e presentará recurso contencioso administrativo ante o TSXG**

O venres 12 de agosto, a Consellaría de Educación publicouno DOG unha orde pola que se modifican os concertos educativos do curso pasado. A CIG-Ensino denuncia que, mentres a Consellaría continúa recortando profesorado, pechando escolas e suprimindo unidades nos centros públicos e se nega a cubrir as demandas feitas polos centros, segue a incrementar, un ano máis, o número de unidades concertadas con centros privados. No curso que vén serán 58 unidades de nova creación fronte ás só 16 que se suprimen, é dicir un incremento neto de 38 unidades, acrecentando así os fondos públicos para financiar empresas privadas.

A Consellaría, outro ano máis, ao mes de agosto, para publicar no DOG as modificacións dos concertos cos centros privados, co obxecto de que pasen desapercibidos ao conxunto da sociedade, por estar malgastando diñeiro público en beneficio de intereses privados, cando son múltiples e abondosas as carencias do ensino público.

En educación primaria, a orde

publicada recolle a creación de 11 unidades novas, mentres só se suprimen 7, por tanto, hai incremento neto de 4 unidades concertadas máis. En educación especial son 6 as unidades que se incrementan, non suprimíndose ningunha, na educación infantil créanse 4 e suprímese o mesmo número e na ESO créanse e suprimense 2.

Escandaloso o caso de FP, xa que se trata dun nivel educativo non obrigatorio e a oferta de prazas é totalmente insuficiente no ensino público. Isto non é óbice para se creen 20 unidades novas nos ciclos medios, fronte a unha soa unidade suprimida, o que é un incremento neto de 19 ciclos concertados. Nos ciclos de grao superior son 6 as unidades suprimidas, fronte ás 15 incrementadas, é dicir, un incremento neto de 9 unidades.

Entre os centros que resultan beneficiados están os que segregan alumnado en función do xénero, unha aberración regularizada a través da LOMCE e que a CIG-Ensino seguirá a denunciar, pois consideramos que

é inadmisíbel. Por iso no seu día gañamos un recurso, ao estimar o Tribunal Supremo que non se podían subvencionar con cargo a fondos públicos este tipo de centros.

A CIG-Ensino denuncia esta política da Consellaría de Educación que dedica unha parte importante do orzamento de educación a financiar centros privados, incrementándoa ano a ano, en lugar de centrar os esforzos en manter e mellorar a calidade do ensino público, xa que, por exemplo, os centros públicos teñen ratios superiores ás máximas estabelecidos, soportan a supresión de unidades e non ven atendidas as necesidades materiais e de profesorado.

Ante este atropelo e as irregularidades e fraude cometida na concesión dalgúns destes concertos, a CIG-Ensino vai interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza contra esta resolución da Consellaría carente de motivación e xustificación.

# A CIG-Ensino presentou recurso contencioso-administrativo ante o TSXG pola concesión dun novo concerto educativo, fraudulento e innecesario

A CIG-Ensino solicita no seu recurso a impugnación da Orde do 9 de agosto de 2016, publicada no DOG do 12 de agosto, pola cal se modifican os concertos educativos

A CIG-Ensino vén de presentar un recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, pola decisión da Consellaría de Educación de conceder un novo concerto á Casa do Neno, en Santiago. A CIG-Ensino solicita no seu recurso a impugnación da Orde do 9 de agosto de 2016, publicada no DOG do 12 de agosto, pola cal se modifican os concertos educativos con centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e de formación profesional.

A CIG-Ensino xa denunciou, con anterioridade á publicación desta orde, as intencións da Consellaría, subliñando que a autorización deste concerto era consecuencia dunha actuación “fraudulenta”. Esta actuación iniciouse coa publicación dunha orde, o pasado 25 de abril, que modificaba a autorización do centro privado Casa do Neno –pertencente á igrexa católica- para concederlle seis unidades de educación primaria e seis unidades do segundo ciclo de educación infantil.

Nesta resolución administrativa de autorización figuraba como único enderezo do centro o da rúa Canteira de Arriba, 17, en Santiago de Compostela e non se facía ningunha referencia a que as novas ensinanzas autorizadas poidan impartirse nunha localización diferente. Porén, desde semanas antes, o centro Casa do

Neno anunciaba na súa web que as aulas se impartirían nunhas novas instalacións situadas nunha parte do edificio do Seminario Menor de Belvís, que depende do arcebispado.

Para a CIG-Ensino, é inustificábel que se aprobe unha nova unidade e se destinen fondos públicos para este centro privado cando o director xeral de Recursos Humanos admite na propia resolución que “as necesidades educativas da zona, actualmente, se atopan debidamente cubertas”. Ademais os centros aos que se atopaba adscrito o centro Casa do Neno -CEIP As Fontiñas, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei e CEIP Apóstolo Santiago- teñen capacidade para cubrir a demanda existente de alumnado, tal como se constata na acta da Comisión de Escolarización de Santiago de Compostela do 16 de maio de 2016.

O secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, xa denunciou daquela que malia non estar concedido o incremento do concerto, a Consellaría de Educación incluía o primeiro curso de Educación Primaria do centro Casa do Neno dentro da relación de centros concertados que presentou na reunión da Comisión de Escolarización de Santiago de Compostela do 16 de maio e, “presumiblemente, colaborou de forma activa no procedemento previo de solicitudes de admisión dese centro”, tal e como se constatou nesa xuntanza da comisión de

escolarización, “ao terlle asignado 25 prazas de 1º de primaria e ter admitido 8 alumnos/as no prazo de solicitude de admisión de alumnado”.

A CIG-Ensino lembra que mesmo se publicou a oferta de prazas nunha información na prensa na que citando fontes da dirección do centro, se afirmaba literalmente que aínda que tiñan autorización para montar seis unidades, a Xunta só lle concedera o concerto do primeiro curso, que a matrícula sería por rigorosa orde de chegada e que para formalizala había que dirixirse á sede principal da Casa do Neno ou ao edificio Mupega, onde ten as súas instalacións o Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Para Anxo Louzao toda esta relación de sucesos apuntan cara a unha actuación “fraudulenta” da consellaría e demostrarían a súa submisión aos intereses e demandas da igrexa católica. Por iso, a CIG-Ensino rexistrou inicialmente un escrito dirixido ao conselleiro demandando que se comprobase a veracidade destes feitos a fin de depurar posíbeis responsabilidades administrativas e/ou penais e que se lle denegase ao centro privado o incremento do concerto. Á vista da publicación da Orde do 9 de agosto de 2016, a Consellaría non rectificou a súa decisión polo que a CIG-Ensino decidiu presentar recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza solicitando a súa impugnación.

## A CIG-Ensino denuncia a diminución do horario de impartición en lingua galega provocado pola LOMCE

A CIG-Ensino denuncia tamén a marxinación do noso idioma na Circular dirixida ao persoal auxiliar de conversa

A modificación da carga lectiva dalgunhas materias que provocou a implantación da LOMCE ten como consecuencia a diminución do horario de impartición en lingua galega, xa de por si moi reducido por mor da imposición do Decreto 79/2010. Por esta razón, a CIG-Ensino vén de exixirle ao conselleiro de Educación unha actuación de urxencia para que a Xunta adecúe as áreas que hai que impartir obrigatoriamente na nosa lingua e levante o veto para impartir certas materias en galego, nomeadamente Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía. A CIG-Ensino advirte que, se esta corrección non se produce, levará a cabo os procedementos legais correspondentes.

Antes da entrada en vigor da LOMCE, a materia de Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía tiñan una carga horaria de 12 horas. Estas dúas materias tiñan que impartirse en galego. Coa LOMCE a materia de Ciencias da Natureza e a de Bioloxía e Xeoloxía pasan a ter no mellor dos casos 9 horas. É dicir o alumnado de ESO vai ter 3 horas menos da

materia en Lingua Galega. Esta situación provoca a diminución do horario en lingua galega, xa de por si moi reducido por mor da imposición do Decreto 79, sen que a Consellaría teña adoptado ningunha medida para garantir o emprego da nosa lingua na xa exigua carga lectiva que lle permite o dito decreto.

### Circular enviada aos centros en español

A CIG-Ensino reclama tamén a rectificación urxente da Dirección Xeral de Educación que dirixiu unha circular aos centros, dirixida ao persoal auxiliar de conversa escrita exclusivamente en español. “Trátase dunha decisión totalmente desapropiada, mesmo porque esta circular en español até lles foi enviada aos auxiliares de conversa en portugués –explica Anxo Louzao, secretario nacional da CIG-Ensino.



Significa unha renuncia ao noso idioma, un incumprimento da normativa no relativo á lingua oficial da Administración e unha decisión interesada ao ocultarlles ás persoas que realizan este labor a existencia e o estatus da nosa lingua propia”.

“Todas estas actuacións son novas mostras do desleixo da Consellaría de Cultura e Educación co noso idioma, desentendéndose e mesmo actuando en contra do que debe ser a súa obriga primeira: velar pola normalización plena e efectiva da lingua de noso. Por isto, a CIG-Ensino esixe a rectificación inmediata, ampliando as materias a impartir en lingua galega, e o envío da circular no noso idioma”, engade Anxo Louzao.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986609360 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal